

Actividades propostas

Estas actividades están extractadas. Actividades completas e anexos en organizaciandemujeres.org

Paisaxismo

XANEIRO

0 - 3 anos

Pintando con bastonciños

Daremos aos alumnos e alumnas unha ficha cun tronco de árbore debuxado. Coa axuda de bastonciños para os oídos e témperas de cores o alumnado pintará as follas da árbore.

3 - 6 anos

Construímos edificios

Os alumnos e alumnas, coa axuda de material reciclado: caixas de cartón, plásticos, botellas, papel, botón, revistas, cordas... deberán intentar construír casas ou edificios, con todos os seus detalles: fiestras, portas...



6 - 9 anos


En primeiro lugar, preguntaremos que é a Arquitectura e faremos unha "chuvia de ideas" comprobando se coñecen mulleres e homes que se dedicaron a esta ocupación ao longo da historia. Anotaremos os seus nomes.

Presentarémolles ás seguintes Arquitectas paisaxistas: **Ana Sanz Llorens Casanovas, Rosa Barba, Teresa Galí-Izard Monagas e Flora Pescador.** Pasaremos unha breve biografía e algúns dos seus proxectos máis significativos.

TAXI

Esta actividade é un xogo no que empregaremos tarxetas cos nomes das profesionais ou coas súas fotos (dependendo do curso) e tarxetas coas súas obras máis coñecidas.

Repartiremos á metade do alumnado as tarxetas cos nomes ou fotos e á outra metade do alumnado as tarxetas coas obras. Os alumnos e alumnas van camiñando pola clase e cando atopan á súa parella séntanse xuntos nun lugar da clase previamente acordado. Para rematar cada parella explica ao resto da clase a profesional e a obra que teñen nas tarxetas.



9 - 12 anos

Descubrimos algunhas paisaxistas

Empezamos por descubrir a vida dalgunhas das paisaxistas máis eminentes do Estado español e a coñecer a súa obra:

Ana Sanz Llorens, Rosa Barba Casanovas, Teresa Galí-Izard, Flora Pescador Monagas.

2- Comparación

Comparamos imaxes das súas obras para buscar elementos en común e características propias para intentar definir que é o paisaxismo. Completámolo cun *kahoot* que fale do paisaxismo en xeral e destas paisaxistas en particular.

12 - 15 anos

Para pensar...

O paisaxismo é unha vertente da arquitectura que imaxina, crea e organiza un espazo natural.

1. Tomando conciencia.

Realiza unha busca rápida en Internet googleando *"mellores paisaxistas do mundo"* e *"mellores paisaxistas da historia"*. Indica cantas delas son mulleres do total. A que cres que se debe a desproporción?

2. Mudamos o mundo.

Imos empregar a clase como amplificador das figuras femininas dedicadas ao paisaxismo. Invitámosvos a que busques en Internet traballos de **Ana Sanz Llorens, Rosa Barbas Casanovas, Teresa Galí-Izard e Flora Pescador Monagas** e coas imaxes dos seus traballos enchades a aula para levar a súa visión do espazo público a un espazo igualmente público.

15 - 18 anos

Proxecto de deseño e adecuación de espazos escolares segundo o Paisaxismo Sostible e Accesíbel.

A elaboración de cada Proxecto de Deseño corre a cargo do alumnado en grupos de 5 persoas.

O traballo organizase en 3 fases:

1ª fase. Documentación e procura de información sobre mulleres arquitectas que basearan o seu traballo na paisaxe, e a sostibilidade.

2ª fase. Elección dun espazo do acceso e do interior do centro educativo. Sobre o plano do centro, distribúense os espazos exteriores e interiores do centro escolar.

Nesta fase, cada grupo explicará ao alumnado de cursos inferiores o seu proxecto e formará equipos de execución. Cada grupo terá que deseñar, organizar e executar un proxecto de adecuación dos espazos. Deberán ser materiais reciclados ou de procedencia sostíbel.

3ª fase. Execución do proxecto. Cada grupo será coordinado por profesorado para que todo o alumnado involucrado participe e atenda ás tarefas marcadas para cada proxecto.

Persoas adultas

Utilizando internet realizaremos a seguinte procura de información:

- Definición de paisaxismo
- Tipos de paisaxismo
- Busca do paisaxismo na cidade (fotos)
- Mulleres paisaxistas: buscar traballos realizados polas seguintes paisaxistas: **Ana Sanz Llorens Casanova, Teresa Galí, Rosa Barba, Flora Pescador.**
- Que hai que estudar para ser paisaxista?

Imprimir fotos dos traballos das anteriores paisaxistas e realizar unha exposición de ditos traballos.

Urbanismo

FEBREIRO

0 - 3 anos

Grandes mulleres en construción!

O obxectivo da actividade é familiarizar ao alumnado con mulleres arquitectas e enxeñeiras civís do territorio correspondente.

Estableceranse distintos espazos de aprendizaxe e xogo, no que se destacarán proxectos de mulleres relevantes con fotos das súas obras, que nos servirán de inspiración para o desenvolvemento das actividades como: elaboración da fachada con ladrillos (pintura laranxa, esponxas grandes e folios), realización de estradas con plastilina, reparar o ferrocarril ou xogos con bloques.

3 - 6 anos

Arquitecta en proceso

Crease un novo proxecto en infantil que consistirá na creación do recuncho *Deseñando sonos*. Un proxecto para valorar o traballo das mulleres que revolucionaron a arquitectura e nos serven de inspiración.

Como actividade previa realizaranse cascos de protección para realizar os proxectos coa maior seguridade. E a actividade principal consistirá na construción dunha casa de cartón con todos os seus detalles. O alumnado decorará o recuncho aportando o seu estilo e personalidade e incluíranse os cadros de fotos de mulleres relevantes do seu territorio que coñezan.

Elaborarán os seus primeiros proxectos en papel e intentarán recrealos, empregando os materiais que desexen: rolos de papel cociña, estropallos, cartón...

6 - 9 anos

O obxectivo da actividade é a construción dunha cidade habitable e segura. Para isto, o alumnado elaborará a súa propia casa empregando unha caixa de cartón de zapatos e materiais cotiás como pintura, cartolina, plastilina... De forma sinxela, deseñará tanto o interior como o exterior da mesma e con todas as propostas organizarase un recuncho na aula onde se situará este modelo de cidade pensada para os seus habitantes.

A urbanización do espazo será unha das tarefas máis importantes. Faremos un debate para recoller os elementos urbanísticos que non poden faltar na nosa localidade: boa iluminación en todas as rúas e espazos públicos, mantemento adecuado de beirarrúas e mobiliario urbano...

Esta actividade podería ter o nome *Deseñamos cidades adecuadas para as mulleres*. Invitamos ao profesorado a ler o artigo do Banco Mundial "Deseñar cidades con perspectiva de xénero"

Outra proposta é a visualización do vídeo da arquitecta e urbanista Zaida Muxí centrado nun enfoque igualitario do deseño urbano.

As cidades teñen xénero e é masculino: a arquitecta **Zaida Muxí** <https://youtu.be/eEa-dp7d4eI>



9 - 12 anos

Esta actividade consiste en coñecer as obras arquitectónicas realizadas por mulleres a través dun navegador gratuito e aberto a todo o público. O proxecto ten como nome **NAM Navegango Arquitecturas de Mujer**.

Este proxecto vense executando dende 2021 e amosa traballos realizados en todo o territorio do Estado; debemos destacar a súa implicación por mostrar o labor de mulleres arquitectas de todas as comunidades autónomas.

Na mesma web tamén atoparedes o apartado *Miradas Situadas. Arquitectura de Mujer en España desde Perspectivas Periféricas 1978-2008*. É un traballo de investigación que se inicia nos anos da transición ata a actualidade e amosa os novos paradigmas arquitectónicos nos que as mulleres teñen un papel preponderante.

<http://navegandoarquitecturasdemujer.ua.es/miradas-situadas>

12 - 15 anos

Á altura de...

A actividade consistirá na realización por grupos dunha maqueta dun edificio da arquitecta elixida. Estas maquetas exporánsenos corredores ou na entrada do centro educativo xunto a un pequeno mural que leve a imaxe e o nome da arquitecta.

15 - 18 anos

Coñece as túas arquitectas

- Realízase unha análise comparativa da situación das mulleres na arquitectura con outras profesións liberais e tradicionalmente masculinas e con outras profesións artísticas.

- Consiste en coñecer ás principais arquitectas do territorio correspondente. O proxecto ten como nome **NAM Navegango Arquitecturas de Mujer**.

<http://navegandoarquitecturasdemujer.ua.es/navegando-arquitecturas-de-mujer>
Na mesma web tamén atoparedes o apartado *"Miradas Situadas. Arquitectura de Mujer en España desde Perspectivas Periféricas 1978-2008"* <http://navegandoarquitecturasdemujer.ua.es/miradas-situadas>

Persoas adultas

Maquetas emblemáticas

O obxectivo é elaborar unha maqueta de edificios ou lugares emblemáticos do mundo, cuxas arquitectas, paisaxistas ou decoradoras... non recibiron o merecido recoñecemento ou foron excluídas deliberadamente.

Como actividade previa realizarase a lectura do artigo *10 mujeres que revolucionaron la arquitectura* e o visionamento do documental ao que se fai referencia. <https://ovacen.com/arquitectas/>

Despois, individualmente terán que escoller unha das mulleres e intentar emular unha das súas obras máis características cunha maqueta. Finalizarán a actividade cunha exposición oral do seu traballo cun apoio visual que pode ser en PowerPoint, na que ademais relatarán a vida e a obra da autora.



Espazos públicos

MARZO

0 - 3 anos

Actividade

Co gallo da Día da Árbore, cada nena e neno sementará unha planta (faba, ervella, millo...) nun envase de iogur. Aquel alumnado que non sexa independente farao coa axuda dunha persoa adulta. A cada planta poráselle o nome do neno ou da nena que o plantara e que se responsabilizará do seu coidado. Ao longo do curso iremos facendo fotos do proceso de crecemento de cada planta.

3 - 6 anos

Que hai nos parques?

Materiais: Fotografías de espazos públicos abertos, gomets, pintura de dedos, rotuladores.

Observaranse imaxes de parques na pantalla do encerado dixital, despois nomean os elementos que nel aparecen e aprenden cales corresponden a estruturas arquitectónicas, recoñecendo os elementos arquitectónicos. Repártense, por grupos, copias das imaxes traballadas: Marcan cun gomets os elementos arquitectónicos das fotografías: bancos, valos, esvarañoiros, bambáns, ponte colgante, arañeira, fontes... e marcan con pintura de dedos/rotulador aqueles elementos que non o son: coches, árbores, tendas, bicicletas, persoas... Finalmente explicaranlle ao resto da clase o traballo realizado.

6 - 9 anos

Deseñamos o noso barrio

- Na aula traballamos por grupos sobre o plano do barrio, elixindo e marcando itinerarios: desde as nosas casas ao coleio, desde as nosas casas ao parque, ás pistas deportivas...
- Realizamos eses itinerarios camiñando. Nesta saída imos collendo notas sobre: cales son as zonas máis perigosas para os peóns de camiño ao coleio, á praza, ao parque...
- De volta na clase, comentamos o recollido e redactamos engadindo a opinión de todas e todos, e como serían os nosos itinerarios e espazos ideais.

9 - 12 anos

Abandeirada nun mundo de homes

Lectura da seguinte noticia de prensa: *Paloma Cabañas é a primeira muller con obra construída na cidade e a impulsora do primeiro PERI*.

<https://www.elcorreo.com/miranda/201603/05/abanderada-mundo-hombres-20160305230650.html>

Elabora un mapa dos lugares nos que traballou como arquitecta. Busca fotografías para ilustralo. Reflexiona sobre o que di Paloma sobre os seus edificios e a localización da coñica neles. Debuxa un bloque de casas con espazo público común pensando nas necesidades de quen alí viven.

12 - 15 anos

Visionamento de vídeo Zaida Muxí.

<https://www.facebook.com/watch/?v=2125823344375980>

Responde ás seguintes preguntas:

- Que problemas presentan as

grandes cidades hoxe en día?

- Que solucións se poderían dar para que os espazos públicos dean resposta ás necesidades que demanda a sociedade actual?
- Como proxectarías ti unha cidade que atenda por igual a todos os e as poboadoras do lugar?

Procura información sobre esta arquitecta e urbanista coñecida pola súa experiencia nas cuestións de espazo e xénero e cita algunha das súas obras.

Comentario de artigo de prensa sobre Ana Falú.

Ana Falú: *"Nun mundo feito para homes brancos é preciso feminizar a arquitectura"* | América Futura

<https://elpais.com/america-futura/2022-09-23/ana-falu-en-un-mundo-hecho-para-hombres-blancos-es-preciso-feminizar-la-arquitectura.html>

Cal é a situación actual que identifica Falú? Por que di a autora que a cidade está pensada para o home branco, de clase media e heterosexual? Por que cres que é importante que o urbanismo estea centrado no barrio? Ao final realizaranse unha serie de conclusións de todo o traballado.



Entrevista a Zaida Muxí Martínez, profesora e arquitecta

15 - 18 anos

Sabías que o fixeron elas? Pegadas na túa comunidade.

Comezamos creando un debate ao redor da arquitectura e do seguinte vídeo (Documental Arquitectas, 20 min. <https://youtu.be/fhds8JGkEi>) no que dez arquitectas falan sobre a condición feminina no sector da arquitectura.

Tralo debate, organizarase ao alumnado en grupos de 4-5 integrantes e deberán buscar traballos de mulleres en espazos públicos da vosa comunidade.

Tras atopalas, deberán facer unha infografía con imaxes e, posteriormente, presentar as pegadas que atoparon ao resto de grupos.

Persoas adultas

Estudo sobre o papel dalgunhas mulleres arquitectas e enxeñeiras moi coñecidas de diferentes etapas e idades. Documentación a través de redes.

Elaborar folleto tamaño A4, plastificado para colgar nalgún recuncho do centro onde se ve a fotografía por un lado e os seus traballos por outro. O título da exposición pode ser **EVOLUCIÓN**.

Para finalizar podemos elaborar un padlet coas fotografías e traballos para a web e as redes sociais do centro.

Edificios singulares

ABRIL

0 - 3 anos

Imos construír

Con diferentes tipos de bloques de construción, cadrados e bloques de gomaespuma, argolas, cubos, prismas, arandelas, pedras cambaleantes, etc. as nenas e nenos deben experimentar a creación en altura e a (in)estabilidade das construcións.

Casa ou niño?

Trátase dun exercicio de discriminación visual no que o alumnado debe localizar onde está a casa que hai entre as árbores (tocar, sinalar, rodear/marcar, fixar a ollada...).

3 - 6 anos


Curvas e rectas

Tras ver os edificios singulares deseñados por **Zaha Hadid y Kazuyo Sejima, Carme Pinós i Desplat**, o alumnado pode debuxar, modelar ou construír con diversos materiais, formas curvas e rectas para formar edificios inspirados nas obras de arquitectura vistas.

6 - 9 anos

Casas singulares

Trala lectura e visualización de casas/vivendas singulares a través de libros como: *"Casas"* e *"Dibújame una casa"* (a partir de 6 anos) e *"Croquis"* (a partir de 8 anos), e todos da editorial CocoBooks, o alumnado debe crear/deseñar vivendas que presentará ao resto mediante un debuxo orixinal ou coloreado. A autora ou autor dos deseños mellor valorados deberán dirixir un equipo para construír a maqueta a partir do deseño orixinal.



9 - 12 anos

Edificios singulares

Distribuír entre os grupos base a procura dos seguintes lugares, extraer imaxes dos mesmos e localizalos no mapa ou na bola do mundo, colocando unha chincheta ou alfinete coa imaxe: Museo Sumida Hokusai, Centro Heydar Aliyev, Caixa Forum Zaragoza, New Museum of Contemporary Art, 21st Century Museum of Contemporary Art, Castillo Garcimurillo, Ópera de Guangzhou, Galaxy SOHO.

12 - 15 anos

Mulleres na arquitectura

Abril está dedicado aos edificios singulares deseñados por mulleres. Por grupos, preparede unha exposición coa traxectoria vital e profesional de mulleres arquitectas. Podedes empregar as que protagonizan este mes: **Zaha Hadid, Kazuyo Sejima, Carme Pinós i Desplat, Izaskun Chinchilla Moreno** ou outras que vos chamen a atención. Hai moitas para elixir: **Matilde Ucelay Maörtua, Lina Bo Bardi, Jane Jacobs, Denise Scott Brown, Aino Marsio Aalto...**

Premios de Arquitectura

Na arte da arquitectura, cales son os premios nacionais e internacionais máis prestixiosos? Descúbreos e realiza un estudo cuantitativo coa correspondente representación gráfica dos datos obtidos. Podes comparar cantas mulleres e cantos homes aparecen entre as persoas premiadas, a representación ao longo do tempo... Preparede un debate con argumentos baseados en evidencias (datos, información contrastada) sobre as posibles causas das diferenzas atopadas.

15 - 18 anos

O feminismo na arquitectura

Fanse catro grupos de alumnas e alumnos de igual número de persoas. Ao chou elixese unha destas arquitectas comprometidas co feminismo nas súas obras e no traballo feito por homes principalmente: **Zaha Hadid e Izaskun Chinchilla Moreno**.

Deberán pescudar sobre as súas vidas, os seus proxectos, os seus premios... e poranse en común todas as informacións obtidas. Compararán para ver as coincidencias e as diferenzas.

O fin da actividade é facer ver ao alumnado que o feminismo se pode plasmar en calquera traballo e obra.

Na procura de edificios singulares

Individualmente pescudan e elixen un edificio de cada unha das arquitectas que aparecen neste apartado de edificios singulares: **Zaha Hadid, Izaskun Chinchilla, Kazuyo Sejima e Carme Pinós i Desplat**. A imaxe debe terse presente para describir o edificio elixido e ver que ten de singular e as razóns pola que foi o elixido. Intervirán por quedas con limitación de tempo.

Persoas adultas

A presenza das mulleres na arquitectura – o debate

A partir da lectura do artigo *"Arquitectas en wikipedia"*, do blog *"Un día una arquitecta"*, prepararemos un debate de aula seguindo as fases ou pasos que se describen no enlace.

Tamén nais da arquitectura?

Ver o vídeo que aparece no blog de **Stepien e Barno** elaborado a partir dunha enquisa entre as súas seguidoras e seguidores para saber quen serían as arquitectas máis influentes ao longo da historia. Procurar información sobre cada unha das máis votadas, ou outras igualmente destacadas, e elaborar unha presentación sobre a súa traxectoria profesional, amosando, ademais, algunhas das súas obras.